



BASES DA CONVOCATORIA ERASMUS+ MOBILIDADE DE ALUMNADO TITULADO CICLOS MEDIOS

MARZO 2021 - XUÑO 2021

Convocatoria de selección **ERASMUS+ 2020-2021**.

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA
REALIZAR PRÁCTICAS EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO
PROGRAMA ERASMUS+.

PROXECTO DE MOBILIDADE ERASMUS + 2019-2020.

“Next Station: Improving Professional Skills in Galicia III”

NÚM. PROXECTO: 2019-1-ES01-KA102-063732

Segundo

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO E PERSOAL DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E FP BÁSICA DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E QUE FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA102 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+. PROXECTO2019-1-ES01-KA102-063732.

CIFP A Carballeira – Marcos Valcárcel
Praza da Lexión, s/n
32002 Ourense
Teléfono: 988788470 Fax: 988788482
peacarballeira@gmail.com
<http://www.cifpcarballeira.es/>



BASES DA CONVOCATORIA

A Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa abre unha convocatoria para asignar bolsas de mobilidade para prácticas a alumnos/as de Ciclos Medios de Formación Profesional matriculados en calquera dos CIFP e IES participantes no proxecto e que queiran realizar logo de titular un período de prácticas no estranxeiro, recollida na Resolución do 26 de agosto de 2019.

Estes fondos, que proceden da acción clave (KA102) de Mobilidade de Estudiantes de Formación Profesional (ciclos de grao medio) do Programa ERASMUS+ e, xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España, están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

O proxecto consiste na realización dunha mobilidade de máximo **100 días** de prácticas, NON REMUNERADAS, en empresas relacionadas cos estudos cursados nas familias profesionais ofertadas no Centro educativo.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no ámbito laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

O Centro, apoiará aos alumnos/as, a través da Coordinadora de Programas Internacionais, na procura de:

- Empresas ou institucións dispostas a participar no Programa de países da UE.
- Seguimento por parte da coordinación de programas internacionais.
- Asesoramento e guía en todo o período.



1. ASPECTOS XERAIS

Dirixido:

Ao alumnado de Grao Medio, que titula no curso 2020-2021 ou titula na convocatoria de decembro de 2020 no Centro educativo para a realización de prácticas en empresas no estranxeiro.

O Centro proporcionará a xestión das bolsas ERASMUS+ e dos aspectos prácticos relacionados coa mobilidade nos países europeos adheridos ao programa.

Por outra banda, o alumno seleccionado pode promover a realización de convenios con empresas do seu interese.

2. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN:

Máximo 100 días, a realizar entre Marzo e Xuño de 2021.

3. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO:

As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto.

O primeiro pagamento será realizado en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o/a beneficiario/a e a directora do centro educativo asinen o convenio de subvención Erasmus+ para prácticas entre países do programa. Unha vez que o/a beneficiario/a remate a súa mobilidade, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey), de acordo co establecido no Programa Erasmus+, e presentar un certificado da empresa conforme realizou as prácticas, coas data de comezo e remate da mobilidade.

Esta enquisa individual considerarase solicitude de pagamento do 20% restante da axuda do/a beneficiario/a. No caso de que as datas de realización da mobilidade do alumnado fosen inferiores aos días máximos indicados para cada modalidade de mobilidade, o pago do 20% restante minorarase de acordo co establecido no convenio de subvención. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Os importes das axudas por mes varían segundo o país no que se realizan as mobilidades e o tipo de mobilidade realizada.

Os importes aprobados por país e modalidade polo Programa Erasmus+ (convocatoria 2020-2021) son os que figuran na táboa 1.



Para calcular o importe total de cada mobilidade de alumnado deberá sumarse o importe de manutención que corresponda por país e modalidade e o importe que corresponda para viaxe por distancia ao país de acollida (táboa 2).

Táboa 1

	Países de destino	Importe (100 días)
<u>Grupo A</u>	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido, Suecia	5.308 €
<u>Grupo B</u>	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	4.566 €
<u>Grupo C</u>	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía.	3.924 €

Táboa 2

Viaxes - Distancias	Importes
Entre 10 e 99 km	20 €
Entre 100 e 499 km	180 €
Entre 500 e 1999 km	275 €
Entre 2000 e 2999 km	360 €
Entre 3000 e 3999 km	530 €
Entre 4000 e 7999 km	820 €
8000 km ou máis	1.500 €

4. FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

Segundo establece o Programa Erasmus+ o **alumnado seleccionado terá a obriga** de realizar unha formación lingüística no idioma de traballo do país asignado, independentemente do nivel acreditado no proceso de selección.

- Todo o alumnado fará una proba de nivel na plataforma online proporcionada pola Comisión Europea do idioma do país para o que foi seleccionado, ou no seu defecto en inglés.
- O alumnado, tras a proba de nivel, fará unha Formación online na devandita plataforma de acordo ao nivel obtido, excepto para aqueles que obteñan un nivel C2.
- Ao remate da mobilidade, todo o alumnado fará una Proba final online na mesma plataforma, excepto para aqueles que obteñan un nivel C2.



5. COMITÉ DE SELECCIÓN

Presidenta: A Directora ou persoa en quen delegue.

– Vogais:

A coordinadora de programas europeos.

Dous membros do equipo directivo do centro.

– Secretario: Xefe de información e orientación profesional.

Nota: Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

A asignación definitiva das prazas corresponderá á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, logo da recepción da resolución de asignación proposta polo comité de selección do Centro.

6. CRITERIOS DE SELECCIÓN E BAREMACIÓN DE CANDIDATOS/AS

Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A competencia lingüística valorarase segundo os niveis cursados nas Escolas Oficiais de Idiomas ou segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas.

Nota: un mesmo idioma non poderá sumar puntuación en máis dun apartado.

- C1, superior (MERL) ou lingua materna: Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: 4 puntos.
- B2 (MERL): Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: 3 puntos.
- B1 (MERL): Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: 2 puntos.



- Nota media superior a 8 do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo: 1 punto.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Este informe do equipo asinado polo titor terá a opción de declarar NON APTO se ao seu xuízo unha das persoas solicitantes non reúne os requisitos necesarios para participar nunha mobilidade internacional.

4. “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización da mobilidade (máximo 5 puntos).

A idoneidade de dita empresa como entidade de acollida do alumnado será valorada polo departamento correspondente.

Poderá ser válido outro documento distinto ao Anexo II da convocatoria sempre e cando o xefe de departamento e a comisión de selección considere dito documento como acreditativo da empresa ou institución de acollida do solicitante.

5. Outros.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

5.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.

5.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.

7. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As persoas interesadas poden entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o **1 ao 11 de decembro, antes das 14:00h**. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria, ou ben se pode recoller na secretaría. Xunto co impreso de solicitudes entregárase:

1. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
2. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro de ser o caso (Anexo II desta convocatoria).



8. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

A comisión avaliadora constituída no CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel baremará as solicitudes presentadas segundo os criterios reflectidos no punto 6.

O día **15 de decembro** publicarase a listaxe provisional de candidatos, en función da puntuación obtida, por orde de prelación, e o alumnado que queda en reserva, tamén por orde de prelación.

O centro abrirá un prazo para a presentación de reclamacións por parte dos/as solicitantes que finalizará o **21 de decembro**.

Rematado o prazo de reclamacións, a dirección do centro resolveraa e elaborará unha listaxe definitiva de candidatos preseleccionados e non aptos, e a continuación, elevará a proposta de asignación á Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, a quen lle corresponde a adxudicación definitiva.

Esta listaxe farase pública no taboleiro de anuncios do centro o **día 22 de decembro**.

Se por causa maior algún alumno/a seleccionado/a non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasará a ser cuberta polo primeiro alumno ou alumna da listaxe de espera.

9. CONDICIÓN DE PERCEPCIÓN DAS CANTIDADES PREVISTAS NA BOLSA

A percepción da bolsa de axuda adxudicada precisará:

- ✓ Cumprimento da normativa do convenio específico da mobilidade e do compromiso de calidade.
- ✓ Cumprimentalas probas de idiomas que lle competan (OLS).
- ✓ Cumprimentar e enviar o cuestionario UE o final da mobilidade (EU Survey).
- ✓ Presentar a documentación e certificados correspondentes ao final da mobilidade.
- ✓ Calquera outro requisito expresado na Resolución da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional do 26 de agosto de 2019.

Nota: A percepción da axuda sempre irá ligada á existencia dunha empresa acorde e idónea para acoller o alumno e a realización das prácticas no período establecido.

Ourense , 1 de decembro de 2020

D^a. Marta Vázquez Guzmán

Directora do CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel de Ourense



ANEXO I

PROXECTO MOBILIDADE ERASMUS + 2019-2020
“Europa. Next Station: Improving Professional Skills in Galicia”
NÚM. PROXECTO: 2019-1-ES01-KA102-063732

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE ALUMNADO PARA TITULADOS
CURSO 2020/2021 e DECEMBRO 2020

DATOS DO/A CANDIDATO/A					
Apelidos				Nome	
Enderezo					
Teléfono 1		Correo electrónico			
DNI		Data de nacemento		Nacionalidade	
CURSO ACTUAL					
Ciclo e período					
IDIOMAS					
Idioma acreditado	Superior/C1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	Falante nativo/a <input type="checkbox"/>	
Idioma acreditado	Superior/C1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>	Idioma _____	
Idioma acreditado	Superior/C1 <input type="checkbox"/>	B2 <input type="checkbox"/>	B1 <input type="checkbox"/>		
Participación previa en mobilidades K102 ERASMUS+	SÍ <input type="checkbox"/>		NON <input type="checkbox"/>		
DATOS DA INSTITUCIÓN OU EMPRESA DE ACOLLIDA (só no caso de presentar “compromiso de acollida”)					
Nome do centro				web	
Correo electrónico	Enderezo				
Persoa de contacto	País		Teléfono		
DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA					
<input type="checkbox"/> Documentos acreditativos da competencia lingüística. <input type="checkbox"/> Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II).					
FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA					
Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ Next Station: Improving Professional Skills in Galicia III – Europa N.º proxecto 2019-1-ES01-KA102-063732. No caso de ser seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadia no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadia.					
Sinatura				Data	Ourense a

Comisión de Selección de Mobilidades para prácticas de titulados de ciclos de grao medio.

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional -Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.educacion@xunta.gal.



Annex II Training commitment

Name of the candidate:

Personal ID nº:

I, (name), as legal representative of the company
, with VAT number
, commit to welcoming (participant's name)
 as an unpaid work experience participant, within the
 Erasmus + Programme, in the period2021.

FOR THE HOST ORGANISATION

Name:

Position:

Telephone:

E-mail:

Place / date: